

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA



BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA



Boletín N° 282. Jueves, 10 de diciembre de 1998

- [III. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) - [III.2 MUNICIPAL](#) - [MIÑO](#)

ANUNCIO Pág. 10000+208 Reg. 19507-PD / 17988.

[Anterior](#)

[Siguiente](#)

Reglamento del servicio de abastecimiento de agua potable y saneamiento

Aprobado por el Pleno de este Ayuntamiento, en sesión de fecha 24-11-1998, el reglamento del servicio de abastecimiento de agua potable y saneamiento del municipio de Miño, se expone al público por espacio de treinta días, en cuyo plazo podrán presentarse las reclamaciones que se estimen procedentes.

Si no se presentasen reclamaciones contra el mismo, se entenderá definitivamente aprobado y tendrá carácter ejecutivo.

Miño, 27 de noviembre de 1998.

El alcalde, Deogracias Romeu López.

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO DO Concello DE MIÑO

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

Capítulo I.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Capítulo II.-Da prestación do servizo.

Sección 1.^a.-Da forma da prestación do servicio.

Sección 2.^a.-Do Concello.

Sección 3.^a.- Da empresa adxudicataria.

Sección 4.^a.-Dos titulares das licencias.

Capítulo III.-Das condicións dos servicios

Sección 1.^a.-Da subministración de auga.

Sección 2.^a.-Do saneamento.

Capítulo IV.-Das solicitudes, licencias, contratos, cambios de titularidade e das baixas.

Sección 1.^a.-Da subministración de auga.

Sección 2.^a.-Do saneamento.

Sección 3.^a.-Dos cambios de titularidade.

Sección 4.^a.-Das baixas.

Capítulo V.-Das lecuras, consumos e facturas.

Sección 1.^a.-Das lecturas.

Sección 2.^a.-Dos consumos.

Sección 3.^a.-Das facturas.

Capítulo VI.-Do comezo da vixencia e das súas modificación.

INTRODUCCIÓN

Entre os distintos servicios que as corporacións locais están obrigadas a prestar ós seus habitantes está a subministración de auga potable e o saneamento.

O Concello de Miño, desde hai moitos anos, presta este servicio, no seu comezo só á capitalidade, se ben na actualidade estase a abranguer a todo o término municipal.

É necesario proceder ó regulamento das relacións entre o Concello, a empresa adxudicataria e os usuarios dos servicios, sinalando os dereitos e obrigas de cada

unha das partes, e cumprindo o establecido no marco normativo legal de aplicación, que con carácter xeral é o seguinte:

En materia de competencias:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto 781/1986, do 17 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Regulamento de servicios das corporacións locais, do 7 de xullo de 1955.

En materia tributaria e recadatoria:

- Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.
- Lei 230/1963, do 28 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real Decreto 1.684/1990, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.
- Ordenanzas fiscais municipais de subministración de auga potable e saneamento.

En materia de procedemento administrativo:

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En materia de contratos:

- Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas.

Calquera outra lexislación que sexa aplicable na materia de subministracións.

CAPÍTULO I.-OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.

O obxecto deste regulamento é o de establece-las normas necesarias para a prestación do servizo municipal de subministración de auga potable e saneamento do Concello de Miño, e establece-lo procedemento que deberán cumpri-los usuarios perante o Concello, ou empresa adxudicataria, para acada-lo bo funcionamento do servizo.

Artigo 2.

O ámbito territorial para a aplicación deste regulamento é o do término municipal de Miño.

CAPÍTULO II.-DA PRESTACIÓN DO SERVICIO

Sección 1.^a-Da forma da prestación do servicio.

Artigo 3.

O Concello de Miño poderá acorda-la xestión directa do servicio ou ben adxudica-la súa prestación.

Artigo 4.

En todo caso, a titularidade do servicio será municipal.

Sección 2.^a-Do Concello.

Artigo 5.

O Concello de Miño prestará ós seus habitantes o servicio de subministración de auga potable e saneamento, e as súas redes abranguerán, sempre e cando sexa posible, a tódolos núcleos de poboación do término municipal. Este servicio ten a consideración de básico, tanto por razóns humanas como por hixiénico-sanitarias.

Artigo 6.

As licencias de enganche outorgaranse polo Concello ós propietarios das vivendas, instalacións comerciais ou industriais, e darán dereito ós seus titulares á conexión ás redes, previo o pagamento das taxas e prezos públicos correspondentes.

As altas concederanse por solicitude ou de oficio polo Concello, trala instrucción do expediente no que se acreditarán as condicións que levaran a súa proposta de alta.

Artigo 7.

O Concello aprobará para cada ano natural os padróns fiscais da taxa de saneamento e prezo público pola subministración de auga, no que se recollerán os datos identificativos dos suxeitos pasivos, o enderezo e a clase da subministración e o cadro de prezos das ordenanzas que sexan de aplicación.

Artigo 8.

No prezo público pola subministración de auga repercutirase o imposto sobre o valor engadido.

Artigo 9.

O Concello de Miño emitirá a cada titular beneficiario do servicio unha factura por cada período trimestral, na que se detallarán os consumos segundo a lectura dos contadores, as ordenanzas de aplicación, o prezo público da auga consumida e as taxas de saneamento por cada unidade doméstica, comercial ou industrial.

Sección 3.^a-Da empresa adxudicataria.

Artigo 10.

A empresa adxudicataria estará obrigada ó cumprimento deste regulamento, do prego de condicións para a adxudicación do servizo, do contrato administrativo, e das disposicións legais vixentes na materia.

Artigo 11.

Terá os dereitos económicos establecidos no contrato, e tamén á facturación dos distintos traballos que se realicen a petición dos particulares beneficiarios do servizo, por instalacións, contadores e outros que figuren no cadro de prezos, que para cada ano probe o Concello.

Artigo 12.

Presentará ó Concello, por cada trimestre, unha relación cobratoria para a súa aprobación, que dará lugar á emisión das facturas ós titulares das licencias.

Artigo 13.

Rendirá as contas da facturación emitida dentro do segundo mes do trimestre seguinte ó que se corresponda, e axuntará as relacións dos recibos non cobrados e tamén os devoltos.

Artigo 14.

Realizará a función inspectora das redes do servizo, tanto no espazo público como no privado, debendo os titulares das licencias facilita-lo seu labor autorizando a súa entrada á propiedade privada. Para a súa realización o persoal da empresa presentará as acreditacións que lles expida a empresa, visadas polo Concello de Miño.

Poñerá en coñecemento do Concello as anomalías, perdas, avarías e outros que observe na súa inspección, e as solucións que segundo o seu criterio deben de adoptarse para a súa corrección.

Artigo 15.

Terá aberta ó público unha oficina na que atenderá ós usuarios, que será a encargada de tramita-las solicitudes de alta, baixa, cambio de titularidade e de tódalas comunicacións, escritos, queixas e suxestións relacionadas co servizo.

Artigo 16.

Terá a disposición dos usuarios un libro de reclamacións, e impresos de queixas e suxerencias sobre o funcionamento do servizo, debendo de remitir ó Concello tódalas presentadas.

Artigo 17.

Estará suxeita á función inspectora da comisión correspondente, intervención e tesourería municipal, en canto ós datos contables da facturación, liquidacións e ingresos, e á da secretaría en canto ó cumprimento das cláusulas do contrato e o seu seguimento.

Artigo 18.

No caso de xestión directa do servizo, o recollido neste apartado será de aplicación ó Concello.

Sección 4.^a-Dos titulares das licencias.

Artigo 19.

Os propietarios das vivendas, despachos, comercios e industrias sitas no término municipal poderán solicita-la alta nos servicios de subministración de auga e saneamento, á que terán dereito sempre e cando sexa posible desde o punto de vista técnico, e tralo pagamento dos prezos e taxas correspondentes.

Desde o acordo do outorgamento da licencia de enganche, e da formalización do contrato, os titulares terán a consideración de aboados ós correspondentes servicios e terán o dereito a gozar do servicio de subministración de auga ou saneamento, segundo corresponda, ou ámbolos dous, se é o caso.

Artigo 20.

Poderán presentar perante o Concello as queixas, propostas e solicitudes relacionadas cos sobreditos servicios que estimen procedentes. A empresa adjudicataria terá a súa disposición os impresos normalizados que se presentarán no Concello para o súa tramitación.

Artigo 21.

Terán os dereitos legalmente establecidos, con expresa reseña ó da reserva dos seus datos persoais e outros que por mor desta relación figuren nos arquivos do Concello e nos da empresa adjudicataria.

Artigo 22.

Terán a obriga de paga-las taxas e prezos públicos liquidados nos prazos regulamentarios. O pagamento poderá facerse na oficina da empresa adjudicataria ou por medio da domiciliación bancaria.

A falta do pagamento no prazo sinalado dará lugar ó inicio da vía executiva, para facer efectiva a débeda non ingresada e a tramitación do expediente de baixa no servicio, se é o caso.

Os titulares deberán conserva-la inspección da instalación cando sexan requiridos polo persoal acreditado da empresa ou do Concello.

CAPÍTULO III. DAS CONDICIÓNS DOS SERVICIOS

Sección 1.^a-Da subministración de auga.

Artigo 23.

O titular das licencia terá o dereito a recibi-la auga da rede municipal, potabilizada e coas condicións hixiénico-sanitaria precisas para o seu consumo.

Artigo 24.

A subministración poderá ser de tres tipos: doméstico, industrial ou provisional para as obras de nova edificación que se executen no término municipal.

Cada un dos tipos de subministración terá o seu prezo público, que se regulará

pola súa ordenanza fiscal.

Artigo 25.

A subministración doméstica é para as vivendas e os despachos profesionais.

Artigo 26.

A subministración industrial é para as instalacións industriais e comerciais.

Artigo 27.

A subministración provisional para obra é para as instalacións, construcións e obras de nova edificación, e polo tempo que dure a súa execución.

A obra deberá contar coa preceptiva licencia municipal, e ó remate da mesma o promotor ou propietario deberá de solicita-la licencia de enganche, e tantas como o número de vivendas e locais comerciais ou industriais teña o edificio.

Artigo 28.

A instalación de fontanería interior executarase por un técnico autorizado, segundo o proxecto da obra para a que se outorgara a licencia, e acreditarase co boletín de instalación, visado pola Consellería de Industria e Comercio, ou organismo correspondente.

A instalación das acometidas á rede de subministración de auga será executada pola empresa adxudicataria, cumprindo as condicións técnicas aprobadas, sendo por conta do titular da licencia. O custo dos traballos da acometida serán os vixentes no cadro de prezos aprobado polo Concello.

Artigo 29.

Para a lectura do consumo, a empresa adxudicataria instalará no domicilio do subministro un contador homologado, coas características técnicas que segundo o uso se precisen, sendo por conta do titular da licencia o seu custo, segundo o cadro de prezos vixente.

O persoal da empresa precintará o contador, que non se poderá manipular, e a partir dese momento sinalará a lectura do consumo de auga.

O titular, cando teña dúbidas sobre o funcionamento do contador, deberá comunicalo á empresa adxudicataria, que procederá a súa comprobación, reparación ou substitución, se fora necesario. No caso de que a medición do contador resultara a correcta na comprobación, o abonado pagará o importe da cota de comprobación, segundo o cadro de prezos vixente.

Artigo 30.

A rede de subministración abrangue as instalacións xerais e as conduccións ata a chave do rexistro, que deberá estar instalada nunha arqueta, no exterior do edificio, ou no lindeiro da propiedade coa vía pública, no caso de vivendas unifamiliares ou urbanizacións. Ninguén poderá manipula-la rede, agás o persoal do Concello ou da empresa adxudicataria.

Sección 2.^a-Do saneamento.

Artigo 31.

O titular da licencia de enganche formalizará o correspondente contrato e terá dereito á conexión á rede municipal de saneamento. A concesión da licencia producirá a alta do seu titular no padrón fiscal da taxa de saneamento.

Artigo 32.

O servizo de saneamento ten un só tipo de abonados e tamén un cadro de prezo único, que terá a consideración de taxa.

Poderá repercutirse no importe da facturación ás taxas ou impostos autonómicos ou estatais, que legalmente sexan de aplicación.

Artigo 33.

Só se permitirá o verquido á rede de saneamento da auga procedente do consumo doméstico, comercial ou industrial, con fins non productivos e que non conteña substancias prohibidas.

Artigo 34.

Os titulares aboados ó servizo serán os responsables do verquido de augas, líquidos, materias e substancias perigosas ou nocivas para a saúde e o medio natural que estean expresamente prohibidas pola lexislación vixente, e tamén serán os responsables dos danos ocasionados á rede ou ás instalacións de tratamento das augas residuais.

Artigo 35.

A instalación do saneamento interior executarase por un técnico autorizado, segundo o proxecto da obra para a que se outorgara a licencia.

A instalación da acometida á rede de saneamento efectuarase pola empresa adjudicataria, cumprindo as condicións técnicas aprobadas, sendo por conta do titular da licencia o custo dos traballos da conexión, que serán os vixentes no cadro de prezos aprobado polo Concello.

Artigo 36.

Ningún titular poderá manipular a rede municipal de saneamento, agás o persoal do Concello ou da empresa adjudicataria.

CAPÍTULO IV.-DAS SOLICITUDES, LICENCIAS, CONTRATOS, CAMBIOS DE TITULARIDADE E BAIXAS

Sección 1.^a-Da subministración de auga.

Artigo 37.

A solicitude de licencia de enganche á rede de subministración de auga dirixirse ó alcalde do Concello de Miño.

Xuntarase a seguinte documentación, segundo corresponda á licencia solicitada:

- Para usos domésticos: boletín de instalación, copia do último recibo do imposto sobremens inmobles ou copia da alta no referido imposto, copia do último

recibo das taxas de saneamento e da recollida do lixo, se é o caso, e copia do DNI e NIF do solicitante.

- Para usos industrias ou comerciais: boletín de instalación, copia dos últimos recibos dos impostos sobre bens inmobles e sobre actividades económicas ou copia da alta, se é o caso, copia da licencia de apertura ou solicitude e copia do DNI e NIF do solicitante.

- Para obras: copia da licencia de obras e copia do DNI e NIF do solicitante, que dlberá se-lo titular da licencia de obras.

Artigo 38.

A licencia outorgada non será válida se non se acredita o pagamento das taxas municipais de enganche e do custo dos traballos da instalación á rede, contador e outros á empresa adxudicataria.

Artigo 39.

O titular da licencia formalizará o contrato de subministración, e obrigarase ó pagamento trimestral do prezo público e mailo imposto sobre o valor engadido repercutido, segundo a lectura do contador, que será a que determine o consumo trimestral.

A ordenanza fiscal reguladora establece un consumo mínimo trimestral, que se facturará ós titulares que teñan un consumo de auga igual ou inferior ó mínimo establecido.

Sección 2.^a-Do saneamento.

Artigo 40.- A solicitude de enganche á rede de saneamento dirixirase ó señor alcalde do Concello de Miño.

Axuntarase a seguinte documentación, segundo corresponda á licencia solicitada:

- Usos domésticos: copia do último recibo do imposto sobre bens inmobles, copia do recibo do subministro de auga e do lixo, se é o caso, copia do DNI e NIF do solicitante.

- Usos comerciais e industriais: copia da licencia de apertura ou da súa solicitude, copia dos últimos recibos dos impostos sobre bens inmobles e actividades económicas, ou copia da solicitude da alta, se é o caso, copia do DNI e NIF do solicitante.

Artigo 41.

O outorgamento da licencia solicitada non terá efecto se non se acredita o pagamento das taxas municipais, e do custo da instalación e conexión á rede á empresa adxudicataria, segundo o cadro de prezos de aplicación aprobado polo Concello.

Artigo 42.

O titular da licencia formalizará o correspondente contrato, obrigándose ó pagamento da taxa vixente segundo a súa ordenanza reguladora, que actualmente está establecida no cincuenta por cento do prezo público pola subministración de

auga facturado no trimestre de referencia.

Artigo 43.

Terán a obriga de solicita-la autorización de acometida á rede de saneamento os propietarios das vivendas e locais industriais ou comerciais, que estean situados a menos de cen metros da rede xeral. No caso de que non se solicite a licenza, o Concello, con carácter provisional, poderá facturar trimestralmente en concepto de taxa de saneamento o cincuenta por cento do facturado por subministración de auga, e no caso de que o titular non teña subministración de auga, o cincuenta por cento do consumo de auga que con carácter mínimo se fixe na súa ordenanza.

Sección 3.^a-Dos cambios da titularidade.

Artigo 44.

Os cambios de titularidade da licenza solicitaranse ó Concello. O solicitante será o novo propietario, axuntará á solicitude unha copia do título de propiedade, copia do último recibo do subministro de auga e saneamento, copia do DNI e NIF, e outros que segundo a licenza solicitada sexan esixibles, segundo os artigos anteriores.

Artigo 45.

O cambio de titularidade que se acorde dará lugar á modificación dos datos do padrón fiscal correspondente, coa baixa do anterior propietario e a alta do novo titular ó que se concede.

Sección 4.^a-Das baixas.

Artigo 46.

Os titulares poderán solicitar ó Concello a baixa nos servizos de subministración de auga e saneamento. O acordo de baixa levará consigo o precintado da conexión e a baixa da licenza a tódolos efectos.

Artigo 47.

O Concello poderá acorda-la baixa de oficio nos seguintes casos:

- Por incumprimento do pagamento das taxas ou prezos públicos en dous trimestres consecutivos, ou en tres alternos, e previo ó inicio do procedemento executivo.
- Por ser reincidente en manipulacións feitas ás redes xerais ou contadores instalados ou ós seus precintos.
- Por destina-la subministración a fins distintos dos solicitados, ou cede-lo uso a terceiros fóra do domicilio do subministro.
- Por realizar verquidos á rede de saneamento que orixinen contaminacións do medio ambiente, ou causen problemas hixiénico-sanitarios.

Artigo 48.

En calquera dos casos anteriores a baixa acordarase polo Concello, trala instrucción do seu expediente, no que se garantirá a audiencia ó interesado e mailo

cumprimento das disposicións vixentes en materia de procedemento administrativo. Entenderase que presta a súa autorización á suspensión e baixa no subministro, no caso de non da-la súa resposta no prazo de doce días hábiles, contados a partir do seguinte á presentación no rexistro do Concello da solicitude.

A suspensión ou baixa do servicio de saneamento ó aboado, levará conxuntamente a suspensión ou baixa no servicio de subministración de auga.

CAPÍTULO V.- LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓN

Sección 1.ª.-Das lecturas.

Artigo 49.

O adxudicatario está obrigado a manter un sistema de lectura dos contadores que sexa permanente e periódico. A facturación do consumo realizarase con carácter trimestral e de conformidade co cadro de prezos da ordenanza reguladora.

Artigo 50.

Cando por causas alleas ó adxudicatario non fose posible face-la lectura dun contador, o empregado deixará aviso da súa visita por medio dunha nota que recollerá aquela circunstancia e á que lle achegará un impreso da lectura.

Neste caso o usuario cumprimentará por si mesmo o impreso de lectura e deberallo devolver ó concesionario no prazo de seis días, contados desde o seguinte á visita do lector. Os impresos recibidos fóra do sobredito prazo poderán ser considerados como nulos, e, daquela, a facturación realizarase como se o consumo fose cero.

Sección 2.ª.-Dos consumos.

Artigo 51.

Cando non sexa posible coñece-lo consumo realmente realizado polo usuario por mor dunha avaría no equipo de medición, a facturación calcularase conforme ó consumo rexistrado durante o mesmo período de tempo do ano anterior e, de non existir, conforme á media aritmética dos seis meses anteriores.

No caso de que non existan datos históricos para obte-los promedios ó que refire o parágrafo anterior, os consumos facturarase polo mínimo esixible.

Artigo 52.

Se por mor da ausencia do usuario non fose posible le-lo contador durante tres períodos de facturación consecutivos e o pagamento dos recibos non estivese domiciliado nunha entidade bancaria, o concesionario advertiralle por escrito ó usuario da necesidade de normaliza-la situación. Se o usuario non atende o requirimento no prazo de dez días a empresa adxudicataria poderá suspende-la subministración de auga, previa autorización do Concello. Para reemprende-lo servicio o usuario deberá face-lo pagamento da facturación correspondente ó consumo realizado e os gastos de reposición da subministración.

Sección 3.ª.-Das facturas.

Artigo 53.

As facturas e recibos emitidos deberán levar, alomenos, os seguintes datos:

- a) Enderezo do inmovible obxecto da subministración.
- b) Enderezo ó que se dirixe a notificación.
- c) Tarifa aplicada.
- d) Calibre do contador ou equipo de medición.
- e) Lecturas do contador que determinan o consumo e datas delas, que definen o período de facturación.
- f) Indicación de se os consumos facturados son reais ou calculados.
- g) Indicación diferenciada dos conceptos que se facturan.
- h) Importe dos tributos que se aplican.
- i) Importe total dos servizos prestados.
- k) Teléfono e enderezo da empresa adxudicataria para obter información.
- l) Enderezos, prazos e formas para efectua-lo pagamento.

Artigo 54.

O usuario poderá paga-lo importe da factura emitida pola empresa adxudicataria na oficina desta, nas entidades de crédito que se determinen. O pagamento dos recibos periódicos realizaranse preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria en oficina aberta no municipio ou nas oficinas do concesionario.

No caso de devolución de recibos polas entidades bancarias por causas imputables ó usuario, serán por conta deste os gastos orixinados pola sobredita devolución e a liquidación dos intereses de demora correspondentes. Dúas devolucions consecutivas darán lugar á anulación da domiciliación bancaria.

Artigo 55.

O usuario dispoñerá do prazo de un mes para face-lo pagamento en vía voluntaria. O prazo anterior computase desde o día 16 do mes seguinte ó último do período facturado ata o día 15 do mes seguinte.

Unha vez rematado o período voluntario sen que o obrigado fixese efectiva a débeda, a empresa adxudicataria remitirá ó Concello a relación de debedores para a tramitación dos correspondentes expedientes de prema, para o inicio da vía de constrinximento.

Artigo 56.

O usuario poderá obter da empresa adxudicataria calquera información tocante ás lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobramentos, tarifas aplicadas e, en xeral, calquera cuestión relacionada coa subministración prestada nos dous anos anteriores á presentación da solicitude.

Artigo 57.

Nos casos que por mor dun erro imputable á empresa adxudicataria se facturasen cantidades inferiores ás realmente debidas, o usuario terá dereito a que lle fraccione o pagamento das diferencias ó longo dun período de tempo igual a aquel ó que se refiren as facturacións erróneas ata o máximo de un ano.

Artigo 58.

Cando o usuario presente á empresa adxudicataria unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, axuntará cantos xustificantes de pagamentos ou documentación acreditativa dos erros que levaran á facturación da cantidade errónea. A empresa adxudicataria deberá resolver as reclamacións de devolución dos usuarios por ingresos indebidos no prazo máximo de un mes desde a súa presentación, comunicándolle ó usuario o resultado da comprobación, e no caso de estar no certo ó usuario, realizarase a devolución no prazo de un mes; transcorrido este prazo, a débeda xerará o interese legal do diñeiro a prol do acredor.

CAPÍTULO VI. DO COMEZO DA VIXENCIA E DAS SÚAS MODIFICACIÓNS

Artigo 59.

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 60.

O Concello de Miño poderá acorda-la revisión ou modificación deste regulamento, das ordenanzas fiscais de aplicación e do cadro de prezos pola realización de traballos que beneficien ós particulares usuarios do servicio.

Miño, 27 de novembro de 1998.

O alcalde, Deogracias Romeu López.

Reg. 19507-PD / 17988

